Escoitarei a túa Palabra.

Escoitarei a túa Palabra,
no profundo do meu corazón eu escoitareina.
Na escuridade da noite a Palabra como luz brillará.
Meditarei a túa Palabra,
no silencio interior meditareina.
No deserto das voces a Palabra de amor resoará.
E seguirei a túa Palabra,
polo carreiro da vida eu seguireina.
No transo da dor a Palabra da cruz salvarame.
Gardarei a túa Palabra,
para a sede dos meus días gardareina.
No transcurso do tempo a Palabra do eterno non pasará.

"A palabra de Cristo habite en vós".Col.3,16



QUE FAREI CO LIBRO DA BIBLIA?

1. Acollereino como un tesouro valioso, como a mellor herdanza.
2. Levareino sempre comigo onde vaia.
3. Colocareino nun lugar preferente na miña casa.
4. Lereino cada día porque contén a historia da miña familia.
5. Esforzareime por coñecelo porque é a luz que me guía.
6. Lereino coa miña familia e aos meus fillos, comentando entre todos.
7. Acudirei a el nas miñas decisións, como actuaría Xesús hoxe?
8. Tratarei de entendelo ben sen acomodalo aos meus gustos.
9. Participarei nalgún grupo para estudalo xuntos.
10. Cando non lle atope sentido consultarei ao "gran ancián" (ao presbítero), que ten muchos anos e un longo camiño percorrido.

25-enero-2026

Ordinario 3º-A



Navegad en mi AMAR

Ordinario 3º- A - Domingo da Palabra de Deus

- **ISAÍAS 8, 23b-9, 3:** ***Na Galilea dos xentís o pobo viu unha luz grande.***

Noutro tempo, humillou o Señor a terra de Zabulón e a terra de Neftalí, pero logo encheu de gloria o camiño do mar, o outro lado do Xordán, Galilea dos xentís. O pobo que **camiñaba en tebras viu unha luz grande;** habitaba en terra e sombras de morte, e unha luz brilloulles. Melloraches a alegría, aumentaches o gozo; gózanse na túa presenza, como gozan ao segar, como se alegran ao repartirse o botín. Porque a vara do opresor, o xugo da súa carga, o bastón do seu ombreiro, quebrantáchelos como o día de Madián. ***Palabra do Señor***.

- **SAL. 26: R/. O Señor é a miña luz e a miña salvación.**
- **CORINTIOS 1, 10-13. 17:** ***Decide todos o mesmo e que non haxa divisións entre vós.***

Paulo, chamado a ser apóstolo de Xesucristo por vontade de Dios, e Sóstenes, o noso irmán, á Igrexa de Deus que está en Corinto, aos santificados por Xesucristo, chamados santos con todos os que en calquera lugar invocan o nome do noso Señor Xesucristo, Señor deles e noso: a vós, graza e paz de parte de Dios o noso Pai e do Señor Xesucristo. ***Palabra do Señor***.

MATEO 4, 12-17: ***Chamou a Pedro, Andrés, Santiago e Xoán.*** **Narrador:** Ao decatarse Xesús de que arrestaran a Juan retírase a Galilea. Deixando Nazaré estableceuse en Cafarnaún, xunto ao mar, no territorio de Zabulón e Neftalí, para que se cumprise o devandito por medio do profeta Isaías:

Isaías: - *«Terra de Zabulón e terra de Neftalí, camiño do mar, alén do Xordán, Galilea dos xentís. O pobo que habitaba en tebras viu unha luz grande; aos que habitaban en terra e sombras de morte, unha luz brilloulles».*

Narrador: Desde entón comezou Xesús a predicar dicindo: **Xesús:** - «**Convertédevos**, porque está preto o reino dos ceos».

Narrador: Paseando xunto ao mar de Galilea viu a dous irmáns, a Simón, chamado **Pedro, e a Andrés**, que estaban a botar a rede no mar, pois eran pescadores. Díxolles:

Xesús: - *«Vide en pos de min e fareivos pescadores de homes».*


Narrador: Inmediatamente deixaron as redes e seguírono.

Narrador: E pasando adiante viu a outros dous irmáns, a **Santiago**, fillo de Zebedeo, e a **Xoán,** o seu irmán, que estaban na barca repasando as redes con Zebedeo, o seu pai, e chamounos. Inmediatamente deixaron a barca e ao seu pai e seguírono. Xesús percorría toda Galilea ensinando nas súas sinagogas, proclamando o evanxeo do reino e curando toda enfermidade e toda doenza no pobo. ***Palabra do Señor***

(Narrador-Isaías-Xesús-)









Navegade na miña aMAR

1. VER: A chamada a navegar

- Un neno xogaba sempre á beira do mar recollendo cunchas, mollando os pés. Pero un día, xogando, alguén lle preguntou se quería navegar. Viu unha pequena barca. O deixou o castelo de area, a súa toalla, o balón e subiu. O mar estaba tranquilo, e o neno sentiu que non estaba só. A voz, que agora recoñecía como a de Xesús, díxolle: *-Grazas por confiar.* Xuntos descubriremos cousas marabillosas. E así empezou a súa aventura: deixando a beira, confiando en Xesús e navegando cara a unha vida nova

Que aventuras recorrerían xuntos? Gustaríache a ti?

2. XULGAR: Navegade na miña aMAR

- No evanxeo deste domingo, Xesús comeza súa misión. Ve a Pedro e Andrés, a Santiago e Xoán chámaos: ***"Vinde e seguídeme".*** Eles ***"inmediatamente deixaron as redes seguírono".*** Así vai formando o grupo dos Doce, para ser os seus discípulos levando a luz do evanxeo.

Chamou os seus primeiros discípulos, película: https://youtu.be/5KCJODQStak

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- Navegar é comezar unha viaxe cara ao descoñecido, igual que seguir a Xesús. Cando Xesús chama a Pedro, Andrés, Santiago e Xoán, non os convida a quedar quietos. Proponlles unha aventura nova como cando nos convidan a embarcar. *Anímaste a embarcar?*
- Navegar supón **soltar amarras**, deixar a seguridade do porto e confiar en que o mar che levará a novos lugares. Eles deixan o traballo e a barca. Seguir a Xesús implica deixar cousas atrás, igual que un barco non pode partir se segue atado ao peirao. *Que amarras tes que soltar?*
- No mar, **confías no capitán** que coñece as rutas, os ventos e as tormentas. Eles confían en Xesús. *Confías ti nel?*
- O **mar cambia,** ás veces está en calma e outras hai ondada forte. Seguir a Xesús ás veces é difícil e require valentía. *Estás disposto a arriscar?*
- **Navegar transforma.** Despois de navegar, un volve distinto: máis forte, máis sabio, máis valente. Os discípulos despois de seguirlle xa non volveron ser os mesmos: viven para "aMAR. *Para que vives ti?*

Deixarnos encontrar, Verbo Divino 2023, reflexión: https://youtu.be/X-ilSKr90NQ

Que che está pedindo Xesús?

3. ACTUAR: A Palabra de Deus, a barca para navegar

- Dille a Xesús: "Xesús, ti chámasnos como aos pescadores: a deixar a beira, a subir á túa barca e navegar contigo cara a unha vida chea de aventuras e de amor".
- Neste domingo da Palabra de Deus, dálle o teu Si a Xesús, sobe á barca dos evanxeos para navegar pola vida amando. Concretade que facer para que "a **palabra de Cristo habite en vós".** Preparade xunto ao altar unha casiña cunha biblia dentro e o lema. amor".

Canto: Que tu palabra nos cambie el corazón, https://youtu.be/yrJrz5hk0LU

Que imos facer?